



CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

BANDO

MARÍA TERESA BARJE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE A BOLA (OURENSE).

INFORMA:

A Xunta de Galicia (Instituto Galego de Vivenda e Solo) convoca o **Programa de Bono Alugueiro Mocidade para o ano 2025** (códigos de procedementos VI482E).

OBXECTO

Facilitar o desfrute dunha vivenda ou habitación en réxime de alugamento ou de cesión de uso á mocidade con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias ou cesionarias.

PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas interesadas deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

1. Ter **menos de 36 anos** no momento de solicitar a axuda.
2. Posuír a nacionalidade española, ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso das persoas estranxeiras non comunitarias deberán acharse en situación de estancia ou residencia regular en España.



CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

3. Ser titular ou estar en condición de subscribir, en calidade de persoa arrendataria, un contrato de alugamento conforme aos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, ou en calidade de persoa cesionaria, dun contrato de cesión de uso.
4. Dispoñer de, polo menos, unha fonte regular de ingresos.
5. Dispoñer dunhas rendas anuais, incluídos os das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda, consten ou non como titulares dun contrato de arrendamento ou cesión, iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM.
6. Que a vivenda ou habitación constitúa, no momento da solicitude, a súa residencia habitual e permanente no caso de que teña contrato, a acreditar mediante certificado ou volante de empadramento.

RENDA MENSUAL DA VIVENDA.

Non poderá superar o importe de:

Zona Territorial	Zona 2
Prezo máximo superior	400€

CONTÍA DAS AXUDAS

A contía máxima da axuda será de **250€ ao mes**, por un prazo de **2 anos** (6.000€). Poderán recoñecerse dende o 1 de xaneiro de 2025, sempre que o contrato estivese vixente.



CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

COMPATIBILIDADE DA AXUDA

A axuda é expresamente compatible coa axuda ao alugueiro do Programa 5 de Axuda aos mozos e para contribuír ao reto demográfico do Plan Estatal: Neste caso a axuda é de ata o 40% da diferenza entre o alugueiro da vivenda e a axuda do Bono Alugueiro para a mocidade, co límite conxunto (suma da axuda do Bono alugueiro para a mocidade e deste programa de axuda) do 75% da renda do alugueiro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes para optar á concesión da axuda comeza o **28 de febreiro de 2025** e remata o **28 de marzo de 2025**, e en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario. Tramitarase por concorrencia non competitiva (por orde de entrada no rexistro), ata esgotar o crédito dispoñible. .

A Bola, 24 de febreiro de 2025.

A Alcaldesa